

O presente documento estará
 exposto no Taboeiro de
 Anuncios desta Deputación
 desde o día 06-11-2024
 ata a día 09-12-2024
 O XEFE DA UNIDADE
 PORTERÍA E VIXANCIA

0

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 5 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE PROCEDE A CORRIXIR O DECRETO DE DATA 29 DE OUTUBRO DE 2024 RELATIVO Á COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL, DÚAS (2) PRAZAS TÉCNICO/A XESTIÓN E TRES (3) PRAZAS ADMINISTRATIVO/A, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO AUTORIZADA POLO ART.217 DO REAL DECRETO 5/2023, DO 28 DE XUÑO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por resolución da presidencia de 22.10.2024, apróbanse as listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, composición do Tribunal e datas, dos procedementos selectivos excepcionais para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada técnico/a administración xeral, dúas (2) prazas de técnico/a xestión e tres (3) prazas de administrativo/a, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2023, taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, autorizada polo art. 217 do Real Decreto 5/2023, do 28 de xuño), acceso libre, polo sistema de concurso publicándose no BOP núm. 246, do 24.10.2024.

Detectado erro material, no nomeamento de dona María Ángeles Rivas Vázquez que xa foi nomeada como presidenta suplente no proceso selectivo para o ingreso como persoal funcionario de carreira nunha praza denominada técnico/a de administración xeral, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020, RESOLVA:

Corrixir o decreto de data 29.10.2024, do seguinte xeito:

ONDE DI:

"(...)

2º.- Nomear como vogal titular substituta nos ditos procedementos selectivos a dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo e como vogal suplente a dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

3º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

"(...)"

DEBE DICIR:

"(...)"

2º.- Nomear como vogal titular substituta no proceso selectivo para o ingreso como funcionario de carreira nunha (1) praza denominada técnico/a administración xeral, a dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo e como vogal suplente a dona María Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral - axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo.

3º.- Nomear como vogal titular substituta do proceso selectivo para o ingreso como funcionario de carreira en dúas (2) prazas de técnico/a xestión e tres (3) prazas de administrativo/a, a dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo e como vogal suplente a dona María Ángeles Rivas Vázquez, xefa da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

4º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

(...)"

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 5 de novembro de 2024, O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3411

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 06-11-2024
ata a día 09-11-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

